



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



**XACOBEO 2010**  
Galicia

## **RESOLUCIÓN DO 27 DE DECEMBRO DE 2010 DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E XESTIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS POLA QUE SE APROBA O PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO “RÍA DE CEDEIRA” PARA O ANO 2011.**

### **Antecedentes**

O 20 de outubro de 2010, a coordinación da reserva “Ría de Cedeira” remite a esta Dirección Xeral a proposta do Plan de Xestión Integral, trala consulta realizada aos pescadores e mariscadores incluídos no censo da reserva.

O 11 de novembro, dende a Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños remitiuse aos vogais do órgano de xestión, seguimento e control da Remip “Ría de Cedeira”, a documentación necesaria para a valoración da proposta do Plan de Xestión Integral.

O día 16 de novembro de 2010 reuniuse o órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira” para, entre outros temas, valorar e informar a proposta do Plan de Xestión Integral.

O equipo do seguimento científico da reserva, presente na reunión, informou e asesorou aos vogais do Órgano de Xestión.

Tras a lectura, debate e introdución de modificacións puntuais no documento, acordouse informar favorablemente o texto final para a aprobación pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

Así mesmo, o departamento territorial da Coruña achegou o día 18 de decembro os correspondentes informes favorables das relacións de embarcacións e mergulladores que participarán no Plan de Xestión da reserva nas modalidades de mergullo con subministro de aire dende superficie.

### **Consideracións técnicas e legais**

Na reunión do órgano de xestión, seguimento e control, mantida o día 16 de novembro de 2010, o equipo de seguimento científico da reserva emitiu a súa valoración sobre as medidas técnicas a establecer no ámbito da reserva e das posibilidades de pesca dentro dos límites desta para o ano 2011.

O artigo 7 bis do Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



**XACOBEO 2010**  
Galicia

mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”, recolle que:

“1. As actividades pesqueiras e marisqueiras recollidas nas letras a), b), c) e d) do artigo 4 do Decreto 28/2009, desenvolveranse no marco do Plan de Xestión Integral, no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva.

2. O Plan de Xestión Integral será aprobado pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños, logo de informe do órgano de xestión, seguimento e control da reserva.

4. No Plan de Xestión Integral poderán recollerse medidas e/ou normas distintas ás establecidas nas disposicións regulamentarias, co obxectivo de adoptar as medidas de explotación necesarias que permitan conseguir unha explotación racional dos recursos pesqueiros e marisqueiros na reserva.”

O artigo 10 do Decreto 28/2009 refire as funcións do órgano de xestión, seguimento e control, entre as cales consta:

“c) Proponer e/ou informar as propostas de modificación da normativa reguladora así como dos modelos de xestión e condicións de uso dos espazos desta que leven a un desenvolvemento sustentable das actividades pesqueiras e marisqueiras”.

Segundo o artigo 4 punto 2 da Orde do 18 de agosto de 2010, pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”:

“A Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, por proposta do órgano de xestión, seguimento e control, poderá establecer medidas e/ou normas distintas ás establecidas nas disposicións regulamentarias, co obxectivo de adoptar aquelas que permitan conseguir unha explotación racional dos recursos pesqueiros e marisqueiros na reserva”.

Segundo artigo 6 do Decreto 312/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar, correspóndelle á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños “as competencias sobre ordenación pesqueira, tanto de carácter profesional como recreativo; ordenación do marisqueo e da acuicultura; establecemento das condicións para o exercicio das actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura mariña; conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños”.

 <p><b>XUNTA DE GALICIA</b>  <b>CONSELLERÍA DO MAR</b>  Dirección Xeral de Ordenación e  Xestión dos Recursos Mariños</p>	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <p><b>XACOBEO 2010</b>  Galicia</p>
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Así pois, á vista dos feitos e das consideracións técnicas e legais, esta Dirección Xeral **resolve**

**Aprobar o Plan de Xestión Integral para a reserva mariña de interese pesqueiro de “Ría de Cedeira”, que figura coma anexo a esta resolución, e que entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2011.\***

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar de conformidade co disposto no artigos 114 e 115 da *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2010

O director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños



Pablo R. Fernández Asensio

\* Este Plan de Xestión Integral estará dispoñible nas paxinas web: [webpesca.xunta.es](http://webpesca.xunta.es) e [pescadegalicia.com](http://pescadegalicia.com).

## 0..INTRODUCCIÓN

### 1.. OS DATOS XERAIS

#### 1.1. Os obxectivos do Plan de Xestión

#### 1.2. A elaboración, tramitación e modificación do Plan de Xestión

##### 1.2.1. Elaboración, tramitación e aprobación

##### 1.2.2. Modificación

#### 1.3. A vixencia do Plan de Xestión

#### 1.4. O órgano de xestión, seguimento e control (Oxesco)

##### 1.4.1. Composición

##### 1.4.2. Funcións

#### 1.5. A coordinación da reserva e as súas funcións

### 2.. A ORDENACIÓN NA REMIP “RÍA DE CEDEIRA“

#### 2.1. A descrición do espazo: localización, delimitación e zonificación

#### 2.2. Condicións de acceso, actividades permitidas e limitación de usos

#### 2.3. Descrición e análise das zonas de extracción

#### 2.4. Descrición das artes de pesca e de marisqueo

#### 2.5. Medidas de xestión

##### 2.5.1. Pesqueira da nécora (*Necora puber*)

##### 2.5.2. Pesqueira da centola (*Maja brachydactyla*)

##### 2.5.3. Pesqueira do camarón (*Palaemon serratus*)

##### 2.5.4. Pesqueira do polbo (*Octopus vulgaris*)

##### 2.5.5. Pesqueira da xiba (*Sepia officinalis*)

##### 2.5.6. Pesqueira dos peixes planos: rodaballo (*Psetta maxima*), linguado (*Solea vulgaris*), acedía (*Dicologlossa cuneata*), solla (*Platichthys flesus*) e sollo (*Scophthalmus rhombus*)

- 2.5.7. Pesqueiras dos peixes de rocha: maragota (*Labrus bergylta*), sargo (*Diplodus sargus*), escarpote (*Scorpaena scrofa*), cabracho (*Scorpaena porcus*) e robaliza (*Dicentrarchus labrax*)
- 2.5.8. Pesqueira da raia (*Raja* spp.)
- 2.5.9. Pesqueira do congrio (*Conger conger*)
- 2.5.10. Pesqueira do percebe (*Pollicipes pollicipes*)
- 2.5.11. Pesqueira do ourizo (*Paracentrotus lividus*)
- 2.5.12. Pesqueira do patexo (*Polybius henslowii*)
- 2.5.13. Pesqueira do berberecho (*Cerastoderma edulis*)
- 2.5.14. Pesqueira da cadelucha (*Donax trunculus*)
- 2.5.15. Pesqueira da ameixa fina (*Ruditapes decussatus*)
- 2.5.16. Pesqueira do bígaro (*Littorina littorea*)

Táboa 1: Resumo das medidas de xestión para os recursos pesqueiros

Táboa 2: Resumo das medidas de xestión para os recursos marisqueiros

Táboa 3: Calendario de uso das artes de pesca permitidas

Táboa 4: Calendario de marisqueo

2.6 **Regulación da flota:** o censo de titulares habilitados para o exercicio da actividade no ámbito da Remip.

### 3.. O SEGUIMENTO, CONTROL E VIXILANCIA

#### 3.1. O seguimento científico

#### 3.2. As medidas de control na reserva mariña

##### 3.2.1. O control das entrada e saídas

##### 3.2.2. O control das descargas

##### 3.2.3. O protocolo do punto de control

#### 3.3. A vixilancia da reserva mariña: dotación e funcións

### 4.. OS ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS: O MONITOREO SOCIAL

### 5.. AS INVERSIÓNS E O FINANCIAMENTO

## INTRODUCCIÓN

---

As reservas mariñas de interese pesqueiro (Remips) constitúen unha ferramenta específica de xestión encamiñada a lograr unha explotación sustentable dos recursos de interese pesqueiro, establecendo medidas de protección específicas en áreas delimitadas de caladoiros tradicionais.

Evidencias científicas amosan que este tipo de áreas mariñas protexidas non son tan só poderosas ferramentas para a conservación da diversidade biolóxica salvagardando a integridade dos ecosistemas, senón que tamén ofrecen, baixo a aplicación dun axeitado deseño, xestión e control, o tan necesario pulo para as pesqueiras e a súa sustentabilidade en que deben involucrarse desde o inicio os propios pescadores coa súa participación na toma de decisións, comprometéndose non só co medio mariño, senón tamén coa Administración e coa sociedade en xeral.

Neste senso, as reservas mariñas de interese pesqueiro están recollidas coma figuras de protección pola UICN (Unión Internacional para a Conservación da Natureza) na categoría VI “Áreas protexidas con Recursos Manexados”, e encaixan perfectamente coas recomendacións dos máximos organismos internacionais; así a FAO (Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación), no artigo 7 do Código de Conduta para unha Pesca Responsable, avoga pola adopción de medidas de ordenación pesqueira que leven á conservación e uso sustentable a longo prazo dos recursos pesqueiros.

Esta figura de protección presenta evidentes beneficios :

- Amosan un incremento da biomasa de peixes: os exemplares acadan maior tamaño, o cal tradúcese nun incremento da cantidade e viabilidade das postas. Un dos seus efectos é o de recuperar a diversidade biolóxica e a estrutura de poboacións e comunidades.
- Co tempo constitúense en áreas de dispersión de exemplares cara ás augas adxacentes, rexistrándose un aumento das capturas por unidade de esforzo nos límites das reservas.
- Constitúen un “seguro“ contra a incerteza ao brindar unha maior capacidade de predición de pesca.
- O sector pesqueiro recupera e revaloriza a súa imaxe e a dos seus produtos ante os consumidores.
- Concilian o desenvolvemento económico co respecto ás especies e ecosistemas mediante unha explotación razoábel dos recursos mariños e pesqueiros.

A idea do establecemento dunha área mariña protexida coma ferramenta de cambio cara a unha pesca sostible e de calidade, naceu coa participación da confraría de Cedeira no Proxecto SEREA, dando resposta así a inqueda do propio sector por preservar un espazo natural de importancia e de riqueza pesqueira ancestral que estaba vendo como, pouco a pouco, diminuía a súa capacidade produtiva.

O Proxecto SEREA, desenvolvido entre novembro de 2006 e decembro de 2008, foi cofinanciado polo Fondo Social Europeo en virtude do artigo 6 “Enfoques innovadores na Xestión do Cambio”; e o seu obxectivo principal foi o de impulsar a creación dun modelo de reestruturación socioeconómica e laboral no sector pesqueiro da baixura. Entre as entidades que participaron figuran as tres universidades galegas, a Federación Galega de Confrarías, a Consellería do Mar, o Cetmar (Centro Tecnolóxico do Mar), o CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia), cooperativas de pescadores italianos e franceses e as Confrarías de Lira, Cambados e Cedeira. Tratábase dunha medida innovadora no ámbito da “Xestión da reestruturación“ enfocada ao sector pesqueiro de baixura e ao marisqueo, que en Galicia constitúen ao mesmo tempo a principal fonte de ingresos e o principal motor do desenvolvemento pesqueiro.

“Ría de Cedeira” é a segunda Remip de Galicia e, ao igual que sucedeu coa Remip de “Os Miñarzos”, está integramente deseñada polos propios pescadores a través dunha serie de propostas amplamente debatidas e maduras. Propostas que foron presentadas no seu día á administración pesqueira galega, e que teñen como fin último a coxestión dos recursos mariños da nosa ría.

Unha vez aprobada a proposta no cabido e xunta xeral da confraría, constituíuse unha comisión de traballo con representantes de todos os sectores de produción da confraría (percebeiros, mariscadoras, armadores, ...), persoal da confraría e da Consellería que, ao longo de dous anos, mantivo reunións para estudar, debater e consensuar unha proposta que foi presentada á administración e quedou plasmada no Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”.

Coa creación desta reserva, Galicia segue no camiño de fomentar a protección do ambiente e dos recursos naturais, así como de promover o desenvolvemento sustentable e a mellora da calidade de vida nas zonas marítimas, lacustres e costeiras nas que se exercen actividades de pesca e marisqueo, en concordancia cos obxectivos definidos polo Fondo Europeo da Pesca como finalidade das súas intervencións para a reestruturación da Política Pesqueira Común.

Neste camiño, e ao longo dos anos, tiveron lugar diferentes encontros, conferencias e seminarios dos que se derivan unha serie de principios ou conclusións concordantes cos obxectivos pretendidos polo presente documento:

- É imprescindible que os pescadores artesanais, e todos aqueles que teñan interese no sector da pesca artesanal, sexan consultados, informados e participen na toma de decisións que inciden no seu medio de vida, de xeito que se revaloricen os seus coñecementos pesqueiros, ecolóxicos..., co fin de fomentar a colaboración e o intercambio de información entre pescadores e científicos, asegurando que os sistemas de xestión da información e de toma de decisións incorporen e se guíen polo coñecemento e a experiencia local así como as prácticas recomendables baseadas na experiencia.
- Os pescadores e as comunidades pesqueiras a pequena escala reivindican lexitimamente o dereito fundamental a gañarse a vida de xeito digno e sostible.
- Ponse de manifesto o carácter eminentemente sostible das actividades relacionadas co sector artesanal, así como a súa vulnerabilidade fronte á contaminación e a competencia doutros sectores (a pesca a gran escala, a industria,... ).
- Implantar plans de xestión e outras medidas de recuperación dos recursos baseándose nas demandas dos propios mariñeiros e mariscadores, e garantindo os seus dereitos de acceso.
- Aplicar a cada sector pesqueiro un enfoque diferenciado de xestión que permita resolver problemas individuais de regulación.

No Decreto 28/2009 establécese que o réxime de xestión da reserva desenvolverase no marco dun Plan de Xestión que trate de forma conxunta e integrada todos os recursos marisqueiros e pesqueiros da zona. Polo tanto, toda actividade, tanto profesional como deportiva, que se vaia desenvolver dentro da reserva mariña queda suxeita ás medidas adoptadas neste Plan de Xestión.

Para asegurar o cumprimento dos obxectivos establecidos no decreto de creación da reserva, constitúese un órgano colexiado para a xestión, seguimento e control formado a partes iguais por representantes da Administración e representantes do propio sector pesqueiro artesanal.

É precisamente este método de xestión participativa o que presenta a verdadeira novidade ao proporcionar por primeira vez non só voz, senón voto, aos protagonistas da pesca e do marisqueo do noso litoral.

## 1. OS DATOS XERAIS

---

### 1.1. Os obxectivos do Plan de Xestión

As actividades pesqueiras e marisqueiras que se levan a cabo no ámbito da Remip “Ría de Cedeira”, desenvólvense no marco do presente Plan de Xestión Integral, no que quedan recollidas as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e das zonas dentro da reserva.

Coa elaboración e posta en marcha deste plan preténdese chegar a unha serie de obxectivos concretos:

1. protexer e favorecer a rexeneración dos recursos pesqueiros;
2. impulsar a pesca artesanal e o marisqueo a través de medidas encamiñadas a acadar unhas actividades profesionais responsables e sustentables;
3. conservar e protexer a flora e fauna do medio mariño e a súa diversidade;
4. fomentar a sensibilización ambiental sobre o medio mariño;
5. divulgar os valores pesqueiros e ambientais da costa galega;
6. favorecer os estudos científicos sobre as distintas especies e sobre as medidas de protección dos recursos e xestión das pesqueiras;
7. posibilitar e favorecer o desenvolvemento e a aplicación de modelos de xestión pesqueira coa participación dos profesionais da pesca e do marisqueo.

### 1.2. A elaboración, aprobación e modificación do Plan de Xestión

#### 1.2.1. Elaboración, tramitación e aprobación

1º. Este Plan de Xestión xurde dun documento-proposta inicial elaborado polos socios da confraría de pescadores de Cedeira para comentario público, e con base nas reunións mantidas cos distintos sectores produtivos cuxas actividades desenvólvense habitualmente no ámbito da reserva “Ría de Cedeira” durante 2010.

2º. A consulta do documento cos usuarios da reserva pode facerse a través de dous posibles mecanismos:

- a) a coordinación da reserva envía o documento de proposta do Plan de Xestión ás entidades asociativas para a consulta daqueles dos seus socios incluídos no censo da reserva;
- b) mediante convocatoria da coordinación da Remip de asembleas dos distintos sectores de produción, de todos os usuarios.

3º. A súa conformidade ou as posibles alegacións remítense á coordinación da reserva, xunto con copia da acta da reunión cos censados, nun prazo de 7 días naturais.

4º. A coordinación da reserva envía ao órgano de xestión, seguimento e control (en adiante Oxesco) a proposta do Plan de Xestión xunto coas posibles alegacións e o informe do seguimento científico.

5º. O Oxesco remite informe á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

6º. O director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños aproba o Plan de Xestión.

7º. Unha vez aprobado, daráselle publicidade ao Plan para coñecemento dos usuarios e da cidadanía, estando dispoñible na páxina web: [www.pescadegalicia.com](http://www.pescadegalicia.com)

### **1.2.2. Modificación**

Toda proposta de modificación do presente Plan deberá trasladarse ao Oxesco, cuxos membros, unha vez informados, poderán solicitar a convocatoria do órgano, se así o consideran pola transcendencia da modificación proposta.

Así, como regra xeral:

1º. Remisión das propostas de modificación á coordinación da Remip.

2º. A coordinación da reserva remitirá ditas propostas, xunto coa valoración do seguimento científico, á secretaría do Oxesco.

3º. A secretaría do Oxesco enviará as propostas aos diferentes membros do órgano.

4º. Os vogais do órgano remitirán a súa contestación á secretaría do Oxesco, que as fará chegar á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, para que se dite a resolución que corresponda, de ser o caso, ou se convoque ao órgano de xestión.

### **1.3. A vixencia do Plan de Xestión**

O Plan de Xestión terá unha vixencia de un ano, e terá que ser presentado cunha anticipación mínima de tres meses ao vencemento do plan de xestión anterior.

A súa renovación será discutida na convocatoria ordinaria do Oxesco que coincida co final do período de vixencia do plan en curso, podéndose prorrogar automaticamente, de ser o caso, ata a seguinte convocatoria do órgano.

Cando non exista ningunha proposta presentada, a dirección xeral competente en materia de recursos mariños poderá aprobar de oficio, logo de informe do órgano de xestión, seguimento e control, un Plan de Xestión.

### **1.4. O órgano de xestión, seguimento e control (Oxesco)**

#### **1.4.1. Composición**

O Oxesco créase co fin de constatar a evolución da reserva mariña e de asegurar o cumprimento dos obxectivos para os que foi creada. Está adscrito á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, e ten a súa sede no porto de Cedeira.

Está constituído por oito membros designados pola consellería competente en materia de pesca:

- a) tres membros representando á consellería competente en materia de pesca;
- b) un representante da consellería competente en materia de medio ambiente;
- c) tres membros en representación da confraría de pescadores de Cedeira;
- d) un representante do sector pesqueiro á proposta da Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

O Oxesco reunirse en réxime ordinario dúas veces ao ano, preferentemente en marzo e outubro, e cantas veces o propoña o seu presidente ou o soliciten tres dos seus membros. Do mesmo xeito, poderase incorporar persoal asesor ás reunións para informe e debate dos asuntos que se consideren oportunos.

### 1.4.2. Funcións

O Oxesco ten asignadas unha serie de funcións, (artigo 10 do Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro; corrección de erros DOG nº 49, 11 de marzo de 2009):

- a xestión da reserva mariña en todos os elementos previstos no Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro; así como a supervisión e coordinación das actividades do persoal asignado á xestión, seguimento e control da reserva;
- o seguimento da evolución e estado da reserva mariña no cumprimento dos seus obxectivos pesqueiros e de conservación da flora e fauna mariñas; con tal obxecto informará o programa de seguimento científico da reserva con anterioridade a súa aprobación e coordinará o seu desenvolvemento;
- propoñer e/ou informar as propostas de modificación da normativa reguladora da reserva, así como dos modelos de xestión e condicións de uso dos seus espazos, que leven a un desenvolvemento sustentable das actividades pesqueiras e marisqueiras;
- emitir informe no procedemento de elaboración e actualización do censo específico de titulares de permisos autorizados a faenar na reserva e informar o Plan de Xestión Integral;
- propoñerlle á Administración competente as limitacións á navegación e fondeo con embarcacións e outros artefactos no ámbito da reserva;
- informar anualmente da situación da reserva mariña e dos seus resultados aos profesionais da pesca e do marisqueo e a outros sectores afectados, así como divulgar os valores pesqueiros e ambientais da reserva ao público en xeral, fomentando a sensibilización ambiental xunto coa pesca e o seu desenvolvemento sostible.  
Na procura destes obxectivos, o Oxesco propondrá a realización de actividades de formación, información e divulgación relacionadas coa reserva.
- controlar as actividades realizadas no ámbito da reserva mariña, para o cal propondrá o plan anual e as medidas de vixilancia que deberán efectuarse.
- asumir aquelas funcións que lle encomende a administración pesqueira en relación coa reserva mariña.

## 1.5. A coordinación da reserva e as súas funcións

A coordinación correspóndelle á comunidade pesqueira (confraría de pescadores de Cedeira), que é a responsable de organizar o traballo diario dos equipos de seguimento científico, de vixilancia e de control de todas as actividades que se desenvolvan no ámbito da reserva. Ademais, ten encomendadas as seguintes funcións:

- a) colaborar co Servizo de Protección de Recursos na coordinación do seguimento e control na área da reserva;
  - b) elaborar e presentar o Plan de Xestión Integral, que se fará conforme ao establecido na normativa reguladora e ás instrucións que poidan ditar ao respecto tanto a Consellería do Mar como o Oxesco;
  - c) elaborar o informe anual sobre a Remip para que, unha vez informado polo órgano de xestión, seguimento e control, sexa difundido ao sector, institucións e entidades interesadas para o seu coñecemento;
  - d) prestar asistencia técnica nas reunións do Oxesco;
  - e) garantir a recollida e envío de mostraxes relativas ao estado sanitario das augas e especies marisqueiras ao Intecmar;
  - f) coordinar o centro de interpretación da reserva;
  - g) asegurar o correcto funcionamento dos diferentes puntos de control.
- A coordinación da reserva deberá solicitar autorización, con carácter mensual e cunha anticipación mínima de 10 días hábiles, á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños para realizar as actividades de extracción de moluscos bivalvos a pé, detallando as zonas de traballo dentro da reserva a efectos de:
- a) solicitar dende a Dirección Xeral, con carácter previo á realización da actividade, a seguinte documentación:
    - o preceptivo informe de biotoxinas ao Intecmar;
    - o informe e/ou a comprobación de que as persoas que van a realizar actividades subacuáticas contan coa titulación correspondente para o exercicio do mergullo, aos departamentos territoriais.
  - b) a Dirección Xeral dite a correspondente resolución autorizando ou denegando a actividade dentro da reserva;
  - c) computar os días de actividade para a renovación dos permisos de explotación.

A coordinación da reserva deberá remitir á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, ao remate de cada mes, a confirmación da actividade realizada, de acordo coa resolución ditada pola Dirección Xeral.

As autorizacións mensuais para a extracción de percebe e ourizo solicitaranse, cunha antelación mínima de 15 días, á Delegación Territorial de A Coruña, debido a que as embarcacións incluídas no censo poden realizar, na mesma xornada, a extracción de ambos recursos dentro e fóra dos límites da Remip.

## 2.. A ORDENACIÓN NA REMIP “RÍA DE CEDEIRA“

### 2.1. A descrición do espazo: localización, delimitación e zonificación

A ría de Cedeira está situada ao norte da provincia de A Coruña, bañada polo Océano Atlántico e a poucos quilómetros do cabo Ortegal, que marca o límite co Mar Cantábrico. Se ben é unha das máis pequenas de Galicia en extensión, a súa biodiversidade e riqueza tanto paisaxística como ecolóxica, faina un enclave especial para gran cantidade de especies acuáticas, polo que a confraría de pescadores de Cedeira, tras determinar a súa idoneidade mediante estudos pesqueiros, ecolóxicos..., propuxo que se lle outorgase un marco de protección dirixido ao interese pesqueiro.


A Remip “Ría de Cedeira“, que comprende augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia, queda delimitada pola liña da preamar máxima viva equinoccial e pola liña recta imaxinaria que marca a boca da ría, e que une O Ensebadoiro e a punta de terra da Chirlateira. Ten unha superficie total de 744,2 hectáreas e o seu límite, na zona da boca da ría, ven determinada polas seguintes coordenadas DATUM WGS - 84:

	Latitude	Lonxitude
O Ensebadoiro	43 40.815´	08 04.518´
Pta. de Terra da Chirlateira	43 39.958´	08 05.413´

Os pescadores basean as súas xornadas de pesca no coñecemento adquirido como herdanza que vai pasando de xeración en xeración, ao que se suman as propias experiencias que xorden co pasar dos anos. É precisamente este coñecemento ecolóxico local o que fai que sexan os propios pescadores os máis capacitados para indicar as zonas

especialmente ricas en abundancia de pesca, as que rexistran importantes densidades de crías e xuvenís das diversas especies, etc.

Este coñecemento do propio medio (acompañado dos pertinentes estudos científicos) foi a base que propiciou a zonificación inicial (Reserva Integral de Esteiro, ZEP I e ZEP II) na Remip “Ría de Cedeira“, á que posteriormente engadiuse unha nova zona con usos restrinxidos por ser un excelente criadouro de nécora: a zona de A Zanqueira.



MAPA I: ZONIFICACIÓN DA REMIP “RÍA DE CEDEIRA”

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, de creación da reserva recolle nos seus artigos 2 e 3 os límites tanto da Remip como das zonas especiais (ZEP I, ZEP II e Reserva Integral de Esteiro).

Dentro do ámbito da reserva identificáronse unhas zonas que, polas súas características ecolóxicas e a súa relevancia de cara á consecución dos obxectivos da creación desta área protexida, requiren unha maior protección; así, existen tres zonas diferenciadas con fortes restricións nas actividades a desenvolver nelas:

- 1 Reserva Integral de Esteiro:** cunha superficie total de 46,9 hectáreas, supón un área marítima delimitada pola recta poligonal definida polas seguintes coordenadas (DATUM WGS - 84):

Latitude	Lonxitude
43 38.390´	08 04.097´
43 38.162´	08 03.871´
43 38.163´	08 03.519´
43 38.314´	08 03.491´
43 38.472´	08 03.965´

- 2 ZEP I - Vilarrube:** zona limitada ao sur pola liña da baixamar escorada, e ao norte pola liña imaxinaria que une punta Robaleira co Forno; ten unha extensión de 40,3 hectáreas e está definida polas seguintes coordenadas (DATUM WGS - 84):

	Latitude	Lonxitude
Punta Robaleira	43 39.057´	08 04.223´
O Forno	43 39.125´	08 04.928´

- 3 ZEP II - Boca da Ría:** área marítima delimitada polas liñas imaxinarias que unen entre sí, ao sur, a punta Castrelo e a punta Folgoso, e ao norte a punta de terra de Chirlateira e O Ensebadoiro, ten unha extensión de 144,3 hectáreas e está definida polas seguintes coordenadas (DATUM WGS - 84):

		Latitude	Lonxitude
Límite sur	Punta Castrelo	43 39.731´	08 05.224´
	Punta Folgoso	43 40.086´	08 04.513´
Límite norte	Chirlateira	43 39.958´	08 05.413´
	O Ensebadoiro	43 40.815´	08 04.518´

Posteriormente estableceuse un novo espazo de protección na zona coñecida como A Zaqueira, cunha superficie de 3.748,77 m<sup>2</sup>, e que se atopa fronte ao edificio “Casa do pescador” camiño ao múelle pesqueiro.

A Zaqueira queda delimitada polas seguintes coordenadas:

W 8°3,814' N 43° 39,474 (Muro)

W 8°3,739' N 43° 39,483 (Interior da rampla)

W 8°3,731' N 43° 39,464 (Exterior da rampla)

W 8°3,800' N 43° 39,451 (Zona de mar fronte á rampla)

W 8°3,802' N 43° 39,465 (Zona de mar fronte á Peixeira)

W 8°3,803' N 43° 39,472 (A Peixeira)



MAPA II: LÍMITES E SUPERFICIE DA ZONA DE “A ZANQUEIRA”

## 2.2. Condicións de acceso, actividades permitidas e limitación de usos

As condicións de acceso á reserva están recollidas no artigo 8 do Decreto 28/2009, no cal establécese que poderán exercer a pesca marítima profesional no ámbito da reserva as embarcacións de arqueo igual ou inferior a 1,5 GT.

Esta limitación non se aplica ás embarcacións habilitadas para a captura do percebe, que poderán extraer este recurso nas zonas autorizadas; e ás embarcacións despachadas con artes de anzol que poderán extraer patexo (*Polybius henslowii*) con nasas, e nas zonas autorizadas, para o seu emprego como engado vivo.

O Decreto 28/2009 recolle nos seus artigos 5 e 6 as actividades permitidas así como a limitación de usos en cada zona.

Na Reserva Integral de Esteiro queda prohibida a práctica de pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coa excepción das actividades e toma de mostras autorizadas expresamente pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños logo de informe do Oxesco, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.

Nas zonas de especial protección ZEP I e ZEP II queda prohibida a práctica de pesca marítima, a extracción de fauna e flora e realización de actividades subacuáticas, coas seguintes excepcións :

- A extracción de percebe dentro da ZEP II - Boca da Ría.
- O mergullo de lecer dentro da ZEP II - Boca da Ría.
- As actividades e toma de mostras autorizadas expresamente pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños logo do informe do Oxesco, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.


Coa Resolución do 27 de novembro de 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, pola que se ditan as medidas de xestión para o ámbito da reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”, quedou excluído o emprego de artes de enmalle na ZEP II - Boca da Ría.

Coa entrada en vigor deste Plan de Xestión Integral, na zona de A Zanqueira queda prohibida a práctica de pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coa excepción das actividades e toma de mostras autorizadas expresamente pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños logo de informe do Oxesco, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.

A pesca deportiva no ámbito da reserva levarase a cabo respectando as normas establecidas en canto a quilos, artes, horarios..., segundo as normas vixentes para a comunidade autónoma de Galicia coas seguintes excepcións:

- Queda prohibida a realización desta práctica tanto na reserva integral de Esteiro como nas ZEP I e ZEP II.
- Dende o límite sur da ZEP I ata o límite da zona da reserva integral de Esteiro e toda a Enseada de Pantín, queda prohibida a súa práctica durante todos os días do ano no período comprendido entre 2 horas antes e 2 horas despois da baixamar tanto diúrna como nocturna.

Permítese a recolección de poliquetos e cangrexos, para a súa utilización como engado vivo, nas áreas delimitadas no seguinte mapa :



MAPA III: ZONAS DE EXTRACCIÓN DE POLIQUETOS E CANGREXOS

## 2.3. Descrición e análise das zonas de extracción

### 2.3.1. O marisqueo a pé na reserva

A ría de Cedeira está formada por dous lóbulos separados pola punta Robaleira. Na marxe dereita atópase o areal da Magdalena (banco natural de berberecho) e na marxe esquerda a praia de Loira ou Vilarrube (banco natural de cadelucha) que protexe dos temporais oceánicos as enseadas de Pantín e Esteiro (autorizacións administrativas para berberecho, caramuxo e ameixa fina) onde se atopa a reserva integral.

#### 1 A PRAIA DA MAGDALENA

Atópase ao fondo da ría de Cedeira na súa marxe dereita, encaixada entre bordes rochosos, cunha extensión de 300.000 m<sup>2</sup>.

Neste areal existe un banco natural de berberecho que é a especie principal, aparecendo como especies acompañantes o caramuxo e o longueirón vello.

A superficie produtiva do banco ronda os 280.000 m<sup>2</sup>, non existindo zonificación na súa explotación.

#### 2 A PRAIA DE LOIRA ou de VILARRUBE

Orientada cara ao norte, en dirección á boca da ría. É un banco areoso de pendente moderada e carácter oceánico. Está limitada nos seus extremos esquerdo e dereito polas canles de desaugue das enseadas de Pantín e de Esteiro respectivamente, e recibe directamente a acción dos temporais, polo que é frecuente a aparición de “*ripple - marks*” (suaves ondulacións na capa superficial da area debidas á ondaxe).

Nesta praia trabállase un banco natural de cadelucha, non existindo especies acompañantes de interese comercial.


A superficie produtiva do banco é de 360.000 m<sup>2</sup>, non existindo zonificación na explotación do mesmo.

#### 3 AS ENSEADAS DE PANTIN E ESTEIRO

As enseadas atópanse protexidas dos temporais por unha barra areosa cuxo fronte oceánico é a praia de Vilarrube, realizándose a comunicación por uns estreitos canais a ámbolos dous lados da praia. Son enseadas de pouca profundidade, con pouco declive e unha zona intermareal grande. A maior parte da zona de marisma cúbrese só nas mareas vivas. A división das dúas enseadas está configurada por unha lingua areosa en forma de “T” cun conxunto dunar amplamente estabilizado e colonizado que durante os últimos anos está a sufrir un retroceso, tanto cara ao sur como nos seus extremos leste e oeste, co conseguinte estreitamento das canles de desaugue.

As dúas enseadas, cunha superficie produtiva total que ronda os 7.500 m<sup>2</sup> (5.500 m<sup>2</sup> en Esteiro e 2.000 m<sup>2</sup> en Pantín), son zonas de autorización marisqueira e teñen como especies obxectivo a ameixa fina, o caramuxo e o berberecho.

Na Enseada de Esteiro atópase a Reserva integral do mesmo nome.



MAPAS IV e V. ZONAS DE MARISQUEO A PÉ NA REMIP “RÍA DE CEDEIRA”



## 2.4. Descrición das artes de pesca e de marisqueo

Enténdese por arte de pesca todo aquel aparello que, utilizado dun xeito preciso e cunha técnica determinada, ten como fin último a captura de organismos acuáticos.

### 1 Artes de pesca

Na reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira” permítese a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona: anzois, nasas e enmalle, nas modalidades tradicionalmente autorizadas e de conformidade co establecido neste Plan de Xestión Integral.

A continuación descríbense as diferentes modalidades existentes de cada tipo e a súa regulación dentro do ámbito da reserva.

#### 1. 1 ARTES DE ANZOL

##### 1.1.1 LIÑA OU CORDEL

Está formada por un longo fío (xeralmente de tanza) e un número variable de anzois adaptados á especie obxecto de captura, que actúan normalmente ligados á man do pescador e armada cun chumbo.

**Zonas autorizadas:** todo o ámbito da Remip exceptuando a Reserva Integral, as ZEP I e II e a zona interior de augas continentais, delimitada pola liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira co cumio do monte Burneira.

**Período autorizado:** durante todo o ano.

**Horario de uso:** diúrno durante cinco días á semana, sendo obrigatorio un descanso semanal de 48 horas continuadas incluíndo sempre o domingo; cesando na súa actividade dende as 24:00 h do venres ata as 24:00 h do domingo.

##### 1.1.2 PALANGRILLO

Está constituído por unha tralla denominada madre, de lonxitude variable, da que parten outros cabos máis finos denominados brazoladas, aos que se empatan os anzois.

**Nº anzois:** 1.000 como máximo; a lonxitude máxima total do palangrillo será de 3.000 m, cunha distancia mínima entre brazoladas de 1 metro.

**Zonas autorizadas:** todo o ámbito da Remip exceptuando a Reserva Integral, as ZEP I e II e a zona interior de augas continentais, delimitada pola liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira co cumio do monte Burneira.

**Período autorizado:** durante todo o ano.

**Horario de uso:** diúrno, durante cinco días á semana, sendo obrigatorio un descanso semanal de 48 horas continuadas incluíndo sempre o domingo.

**Descanso semanal:** non poderán quedar calados nin permanecer no mar dende as 24:00 h do venres ata as 24:00 h do domingo.

## 1. 2 ARTES DE ENMALLE

### 1.2.1 TRASMALLOS

É unha arte fixa que consta de unha ou varias pezas constituídas por tres panos, que se arman conxuntamente entre dúas trallas cos sistemas axeitados para permanecer calados verticalmente. Os panos exteriores serán iguais entre sí, e o pano interior, de malla de menor tamaño, poderá ser de maior extensión.

**Aparello:** a malla mínima dos panos exteriores, diagonalmente estendida será de 400 mm e a do pano central de 100 mm.

A altura máxima da arte, entre trallas, será de 2,5 m e a lonxitude de cada unha das pezas non excederá de 50 m.

**Nº pezas:** 20 pezas por embarcación mais 10 pezas por tripulante, ata un máximo de 30 pezas.

**Zonas autorizadas:** todo o ámbito da reserva exceptuando a reserva integral e a zona interior (de augas continentais) delimitada pola liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira co cumio do monte Burneira. A actividade dentro da ZEP II queda condicionada ao informe do Oxesco.

**Período autorizado:** durante todo o ano, dependendo da especie obxectivo.

**Horario de uso:** diúrno, o calamento poderá realizarse dúas horas antes do orto e terá que levantarse, como máximo, dúas horas despois do ocaso, debendo transportarse a porto diariamente.

**Descanso semanal:** non poderán quedar caladas nin permanecer no mar dende as 12:00 h do venres ata as 12:00 h do domingo, sen que poidan ser levantadas ata 2 horas antes do orto do luns.

### 1.3 NASAS

Son artes de fondo construídas en forma de cestos ou gaiolas con diversos materiais que se recobren de rede. Están provistas dunha ou máis aberturas que permiten a entrada das diferentes especies ao habitáculo, atraídas polo engado que se coloca no seu interior. As nasas lánzanse de forma que constitúen caceas, nas que cada nasa se une a unha tralla chamada madre. A súa clasificación baséase na especie obxectivo da pesqueira á que van dirixidas .

#### 1.3.1 NASA DE NÉCORA E DE CAMARÓN

É unha nasa pechada de forma cilíndrica ou poliédrica, que posúe as seguintes dimensións máximas :

- › Lonxitude: 550 mm.
- › Altura ou diámetro: 350 mm.
- › Boca de entrada (no seu diámetro maior): 160 mm.  
Durante a veda da nécora a boca non poderá exceder de 50 mm.
- › Cando estea recuberta dun material ríxido, os cadrados do entramado non terán menos de 10 mm de lado; e cando estea recuberta de rede, a malla non será inferior a 16 mm.

**Nº nasas por embarcación:** 90 nasas.

**Zonas autorizadas:** todo o ámbito da reserva excepto a reserva integral de Esteiro, a ZEP I, a ZEP II, a zona portuaria e A Zanqueira.

**Período autorizado:** todo o ano, excepto o período de veda xeral ou parcial, establecido pola normativa en vigor.

**Horario de uso:** nocturno; dende dúas horas antes do ocaso ata dúas horas despois do orto, tendo que ser levantadas e levadas a terra diariamente.

**Descanso semanal:** non se poderán calar nin permanecer no mar as fins de semana a partir das 10:00 h do sábado ata dúas horas antes do ocaso do luns.

#### 1.3.2 NASA ABERTA DE POLBO

É unha nasa aberta na súa superficie superior, de forma cadrada ou rectangular que posúe as seguintes dimensións máximas:

- › Lonxitude: 400 mm.
- › Altura ou diámetro: 350 mm.
- › As mallas ou claros non serán inferiores a 20 mm de lado do cadrado.

**Nº nasas por embarcación:** 90 nasas.

**Zona autorizada:** todo o ámbito da reserva excepto a reserva integral de Esteiro, a ZEP I, a ZEP II, a zona portuaria e A Zaqueira .

**Período autorizado:** todo o ano salvo nos períodos en que puidese decretarse a veda desta especie.

**Horario de uso:** diúrno; dende as 06.00 h ata as 16:00 h, de luns a venres, podendo quedar caladas no mar diariamente.

**Descanso semanal:** dende as 16:00 h do venres ata as 06:00 h do luns, podendo quedar caladas no mar durante a fin de semana.

## 2 Artes de marisqueo a pé de bivalvos

**2.1 SACHO:** utensilio formado por un mango de madeira, ou outro material, nun de cuxos extremos dispón dunha platina metálica plana, comunmente de forma triangular ou rectangular, que forma ángulo agudo co mango.

**2.2 RASTRIÑO:** consta dun mango de madeira ou similar que forma ángulo agudo cunha platina de madeira ou metal provista de dentes que non poderán exceder os 100 mm de lonxitude.

**2.3 FOUCIÑA:** consta dun curto mango de madeira rematado nunha peza metálica máis ou menos curva que facilita a escavación e o acceso aos moluscos infaunais.

## 3 Artes empregadas na extracción de recursos específicos

**CACHA OU RASQUETA:** utensilio adaptado para a extracción de percebe e de ourizo.

O empregado na extracción do percebe consta dun mango recto de madeira unido a unha platina poligonal que terá unha base máxima de 50 mm.

A rasqueta adaptada para a recollida de ourizo consiste nun mango recto de madeira ou outro material unido a unha estrutura poligonal, xeralmente triangular, baleira no seu interior.

## 2.5..Medidas de xestión

A continuación detállanse o conxunto das normas específicas que regulan as diferentes pesqueiras dentro do ámbito da reserva. As medidas adoptadas inclúen tanto as de carácter técnico (tipos e número de artes, descansos,... ) como de carácter biolóxico (períodos de captura, topes, tallas,...) co fin de optimizar o esforzo pesqueiro ao tempo que se acada unha extracción sostible do recurso.

No caso de non indicarse regulación específica, enténdese que segue a norma xeral vixente.

Excepcionalmente a dirección xeral, por proposta do Oxesco, pode autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1,5 GT (punto 1 do artigo 8 do Decreto 28/2009). Neste caso, estas deberán respectar todas as medidas de xestión aplicadas ás embarcacións de arqueo menor ou igual a 1,5 GT.

### 1 PESQUEIRA da NECORA (*Necora puber*)

---

**Condições de acceso:** as embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT e coa arte de nasa de nécora e camarón incluída no seu permiso de explotación (anexo I).

**Arte autorizada:** nasa de nécora e camarón, coas características e condicións de traballo descritas no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

**Talla mínima:** 6 cm. de lonxitude do caparazón, medido no eixo anteroposterior do cefalotórax (dende o borde anterior, entre os dous rostros, ata o borde posterior).

**Tope de capturas diario:** 8 kg. por tripulante, debidamente enrolado e a bordo, máis 8 kg por embarcación.

**Períodos de captura autorizados:** Coincidentes co establecido para o resto de Galicia. En calquera caso, non estará permitido durante a época de desove: entre mediados de xaneiro e finais de maio.

**Especies accesorias:** o polbo; permítese un máximo de 8 pezas, que deberán cumprir coa talla mínima establecida para o ámbito da reserva e sempre que non estean en veda.

### 2 PESQUEIRA da CENTOLA (*Maja brachydactyla*)

---

**Condições de acceso:** as embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT e coa arte de trasmallo incluída no seu permiso de explotación (anexo I).

**Arte autorizada:** trasmallo, coas dimensións, número, condicións de traballo e limitación de zonas recollidos no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

**Talla mínima:** 14 cm. de lonxitude do caparazón, medido no eixo anteroposterior do cefalotórax (dende o borde anterior, entre os dous rostros, ata o borde posterior).

**Tope de capturas:** non se contempla.

**Período de captura autorizado:** Coincidente co establecido para o resto de Galicia.

**Especies accesorias:** dependendo da época do ano poden aparecer coma especies accesorias desta pesqueira a raia, a xiba e diversos peixes planos e de rocha.

Permítese a captura dun 20 % en peso vivo do total das capturas retidas a bordo, sempre que non estean en veda e cumpran co tamaño mínimo establecido.

### 3 PESQUEIRA do CAMARÓN (*Palaemon serratus*)

---

**Condicións de acceso:** as embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT e coa arte de nasa de nécora e camarón incluída no seu permiso de explotación (anexo I).

**Arte autorizada:** nasa pechada de forma cilíndrica ou poliédrica coas dimensións, número, condicións de traballo e limitación de zonas recollidos no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

**Talla mínima:** segundo a normativa xeral.

**Tope de capturas:** non se contempla

**Período de captura autorizado:** Do 2 ao 6 de xaneiro.

Dende xuño a decembro.

**Especies accesorias:** permítese a captura dun 10 % en peso vivo do total das capturas retidas a bordo, sempre que non estean en veda e cumpran co tamaño mínimo establecido. Como especies accesorias podemos destacar o polbo.

### 4 PESQUEIRA do POLBO (*Octopus vulgaris*)

---

**Condicións de acceso:** as embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT e coa arte de nasa de polbo incluída no seu permiso de explotación.

**Arte autorizada:** nasa aberta coas dimensións, número, condicións de traballo e limitación de zonas recollidos no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO..

Talla mínima: 1,5 kg.

Tope de capturas: coincidente co establecido no resto de Galicia.

Período de captura autorizado: coincidente co establecido para o resto de Galicia.

Especies accesorias: permítase a captura dun 10 % en peso vivo do total das capturas retidas a bordo, sempre que non estean en veda e cumpran co tamaño mínimo establecido.

Como especies accesorias poden aparecer fundamentalmente a nécora e o camarón.

## 5 PESQUEIRA da XIBA ou CHOCO (*Sepia officinalis*)

---

Condições de acceso: as embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT que contén coa arte de trasmallo no seu permiso de explotación.

Arte autorizada: trasmallo, coas dimensións, número, condicións de traballo e limitación de zonas recollidos no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

Talla mínima: 8 cm. de manto, medidos no seu eixo anteroposterior.

Tope de capturas: non se contempla.

Período de captura autorizado (2011): de xaneiro ata maio, e decembro.

Especies accesorias: permítase a captura dun 20 % en peso vivo do total das capturas retidas a bordo, sempre que non estean en veda e cumpran co tamaño mínimo establecido.

Como especies accesorias, e dependendo da época do ano, poden aparecer raia, centola e diferentes peixes planos e de rocha.

## 6 PESQUEIRA de PEIXES PLANOS: Rodaballo (*Psetta maxima*), linguado (*Solea vulgaris*), acedía (*Dicologlossa cuneata*), solla (*Platichthys flesus*) e sollo ou curuxo (*Scophthalmus rhombus*)

---

Condições de acceso: as embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT que contén coas artes de trasmallo, liña - cordel e o palangrillo, no seu permiso de explotación.

Arte autorizada: trasmallo, liña - cordel e o palangrillo coas dimensións, número, condicións de traballo e limitación de zonas recollidos no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

**Tallas mínimas:**

Rodaballo ( <i>Psetta maxima</i> )	30 cm.	Solla ( <i>Platichthys flesus</i> )	25 cm.
Linguado ( <i>Solea vulgaris</i> )	24 cm.	Sollo ( <i>Scophthalmus rhombus</i> )	30 cm.
Acedía ( <i>Dicologlossa cuneata</i> )	20 cm.		

**Tope de capturas:** non se contempla.

**Período de captura autorizado:** todo o ano.

**Especies accesorias:** permítese a captura dun 20 % en peso vivo do total das capturas retidas a bordo, sempre que non estean en veda e cumpran co tamaño mínimo establecido.

Como especies accesorias, e dependendo da época do ano, poden aparecer raia, peixes de rocha e outros.

**7 PESQUEIRA de PEIXES de ROCHA:** Maragota (*Labrus bergylta*), sargo (*Diplodus sargus*), escarapote (*Scorpaena scrofa*), cabracho (*Scorpaena porcus*) e robaliza (*Dicentrarchus labrax*)

**Condições de acceso:** as embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT que contén coa arte de trasmallo no seu permiso de explotación (anexo I).

**Arte autorizada:** o trasmallo, a liña - cordel e o palangrillo, coas dimensións, número, condicións de traballo e limitación de zonas recollidos no apartado 2.4. DESCRIPCIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

**Tallas mínimas:**

Maragota ( <i>Labrus bergylta</i> )	22 cm	Escarapote ( <i>Scorpaena scrofa</i> )	18 cm
Robaliza ( <i>Dicentrarchus labrax</i> )	36 cm	Cabracho ( <i>Scorpaena porcus</i> )	18 cm
Sargo ( <i>Diplodus sargus</i> )	22 cm		

**Tope de capturas:** non se contempla.

**Período de captura autorizado:** todo o ano.

**Especies accesorias:** permítese a captura dun 10 % en peso vivo do total das capturas retidas a bordo, sempre que non estean en veda e cumpran co tamaño mínimo establecido.

## 8 PESQUEIRA da RAIA (*Raja spp.*)

---

**Condições de acceso:** as embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT que contén coa arte de trasmallo no seu permiso de explotación (anexo I).

**Arte autorizada:** o trasmallo, coas dimensións, número, condicións de traballo e limitación de zonas recollidos no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

**Talla mínima:** 40 cm.

**Tope de capturas:** non se contempla.

**Período de captura autorizado:** todo o ano.

**Especies accesorias:** permítese a captura dun 10 % en peso vivo do total das capturas retidas a bordo, sempre que non estean en veda e cumpran co tamaño mínimo establecido.

Son especies accesorias desta pesqueira: a centola, a xiba e os peixes planos.

## 9 PESQUEIRA do CONGRO (*Conger conger*)

---

**Condições de acceso:** as embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT que contén coa arte do palangrillo no seu permiso de explotación (anexo I).

**Arte autorizada:** o palangrillo, coas dimensións, número, condicións de traballo e limitación de zonas recollidos no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

**Talla mínima:** 100 cm.

**Tope de capturas:** non se contempla.

**Período de captura autorizado:** todo o ano.

**Especies accesorias:** permítese a captura dun 10 % en peso vivo do total das capturas retidas a bordo, sempre que non estean en veda e cumpran co tamaño mínimo establecido.

## 10 PESQUEIRA do PERCEBE (*Pollicipes pollicipes*)

---

**Condições de acceso:** embarcacións que contén co permiso de explotación de percebe.

**Número de embarcacións/habilitacións:** 42/104 (anexo II)

**Arte autorizada:** cacha ou rasqueta; descritas no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

**Zona de traballo:** todo o ámbito da reserva exceptuando a Reserva Integral e a ZEP I.

**Horario de traballo:** de luns a venres, dende dúas horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna, e ata as 18:00 h como máximo.

**Descanso semanal:** fins de semana e festivos (autonómicos e nacionais).

**Período de captura autorizado:** de xaneiro a decembro, un total de 165 días.

**Talla mínima:** 15 mm. (diámetro máximo da base do capítulo).

**Tope de capturas diario:** 10 kg por cada tripulante debidamente enrolado e a bordo.

**Período de captura autorizado:** todo o ano.

**Ampliación prevista para o 2011:** 3 embarcacións con dúas habilitacións cada unha, mais dúas habilitacións para as embarcacións que xa están no censo.

## 11 PESQUEIRA do OURIZO (*Paracentrotus lividus*)

---

**Condições de acceso:** embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT que contén co permiso de explotación para o ourizo.

**Numero de embarcacións :** 3 con 7 cotas (anexo IV).

**Modalidade autorizada:** mergullo con subministro de aire dende superficie.

**Arte autorizada:** cacha ou rasqueta; descritas no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

**Zona de traballo:** todo o ámbito da reserva excepto a reserva integral e as ZEP I e ZEP II.

**Horario de traballo:** de luns a venres, dende as 08:00 h ata as 15:00 h.

**Descanso semanal:** fins de semana e festivos (autonómicos e nacionais).

**Talla mínima:** 5,5 cm. de diámetro.

**Tope de capturas diario:** 100 kg por tripulante, debidamente enrolado e a bordo; ata un máximo de 300 Kg por embarcación e día.

**Período de captura autorizado:** dende xaneiro ata abril, e decembro; un máximo de 60 días.

## 12 PESQUEIRA do PATEXO (*Polybius henslowii*)

---

**Condições de acceso:** embarcacións que contén no seu permex coas artes de liña e cordel, palangrillo ou palangre de fondo (anexos I e III).

**Arte autorizada:** nasa pechada, coas dimensións, condicións de traballo e limitación de zonas recollidos no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

**Número de nasas por embarcación:** Liña - cordel: ata un máximo de 10 nasas.

Palangrillo: ata un máximo de 20 nasas

Palangre de fondo: ata un máximo de 40 nasas

**Talla mínima:** 3,5 cm.

**Período de captura autorizado:** todo o ano.

### 13 PESQUEIRA do BERBERECHO (*Cerastoderma edule*)

---

**Condições de acceso:** estar en posesión do permiso de marisqueo a pé para o ano en curso.  
**Numero de mariscadoras a pé:** 31 (anexo V).

**Arte autorizada:** sacho, fouciña e rastríño; descritas no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

**Zona de traballo:** areal da praia da Magdalena de Cedeira (zona de libre marisqueo) e o areal de Enseada de Esteiro (autorización marisqueira)

**Horario de traballo:** dende 2 horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna, e ata as 18:00 h como máximo.

**Descanso semanal:** os sábados, domingos e festivos (tanto locais como autonómicos e nacionais).

**Talla mínima:** 28 mm.

**Topes de capturas diarios:** 20 Kg por mariscadora na praia da Magdalena.  
15 Kg por mariscadora na Enseada de Esteiro.

**Período de captura autorizado:**

- Na praia da Magdalena:  
5 días ao mes dende xaneiro ata marzo, en xuño, e de outubro a decembro;  
9 días en abril e setembro e 18 días os meses de xullo e agosto.
- Na enseada de Esteiro: 5 días ao mes, os doce meses do ano.

**Ampliación prevista para o 2011:** tres incorporacións ao marisqueo a pé.

### 14 PESQUEIRA da CADELUCHA (*Donax trunculus*)

---

**Condições de acceso:** Estar en posesión do permiso de marisqueo a pé para o ano en curso.  
**Numero de mariscadoras a pé:** 31 (anexo V).

**Arte autorizada :** sacho, fouciña e rastríño; descritas no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

**Zona de traballo:** areal da Praia de Loira ou Vilarrube.

**Horario:** dende 2 horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna, e ata as 18:00 h como máximo.

**Descanso semanal:** os sábados, domingos e festivos (tanto locais como autonómicos ou nacionais).

**Talla mínima:** 35 mm.

**Tope de capturas diario:** 5 kg por mariscadora todo o ano.

Cando as necesidades de mercado o precisen, e sempre co asesoramento do seguimento científico da reserva, poderase ampliar a 6 ou 7 kg por mariscadora.

**Período de captura autorizado:** do 1 de setembro ata o 30 de abril.

As capturas en abril e setembro estarán supeditadas ao estado gonadal dos bivalvos; de xeito que se non se poderá levar a cabo a extracción cando a porcentaxe de individuos ovados supere o 70 %.

**Ampliación prevista para o 2011:** tres incorporacións ao marisqueo a pé.

### **15 PESQUEIRA da AMEIXA FINA (*Ruditapes decussatus*)**

---

**Condições de acceso:** Estar en posesión do permiso de marisqueo a pé para o ano en curso.  
**Numero de mariscadoras a pe:** 31 (anexo V).

**Arte autorizada:** sacho, fouciña e rastroño; descritas no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

**Zona de traballo:** Enseadas de Esteiro (exceptuando a reserva Integral) e de Pantín .

**Horario:** dende 2 horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna ata as 18:00 horas como máximo.

**Descanso semanal:** os sábados, domingos e festivos (tanto locais como autonómicos ou nacionais).

**Talla mínima:** 40 mm.

**Tope de capturas:** 4 kg por mariscadora e día.

**Período de captura autorizado:** 5 días por mes durante os doce meses do ano.

**Ampliación prevista para o 2011:** tres incorporacións ao marisqueo a pé.

### **16 PESQUEIRA do CARAMUXO (*Littorina littorea*)**

---

**Condições de acceso:** Estar en posesión do permiso de marisqueo a pé para o ano en curso.  
**Numero de mariscadoras a pe:** 31 (anexo V).

**Arte autorizada:** fouciña e rastroño; descritas no apartado 2.4. DESCRICIÓN DAS ARTES DE PESCA E DE MARISQUEO.

**Zona de traballo:** Enseadas de Esteiro (exceptuando a reserva Integral) e de Pantín.

**Horario:** dende 2 horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna ata as 18:00 h como máximo.

**Descanso semanal:** os sábados, domingos e festivos (tanto locais como autonómicos ou nacionais).

**Talla mínima:** 15 mm.

Tope de capturas: 15 kg por mariscadora e día.

Período de captura autorizado: 5 días por mes durante os doce meses do ano.

Ampliación prevista para o 2011: tres incorporacións ao marisqueo a pé.

**TÁBOA 1: RESUMO DAS MEDIDAS DE XESTIÓN PARA OS RECURSOS PESQUEIROS NA REMIP “RÍA DE CEDEIRA”**

ESPECIE	Período autorizado de extracción	Topes de captura	Talla mínima
NÉCORA	Coincidente co establecido para Galicia	8 Kg /tripulante/día máis 8 Kg por embarcación	6 cm
CENTOLA	Coincidente co establecido para Galicia	Sen topes	14 cm
CAMARÓN	2 ao 6 de xaneiro xuño - decembro	Sen topes	3 cm
POLBO	Coincidente co establecido para Galicia	Coincidente co establecido para toda Galicia	1,5 Kg
XIBA	xaneiro - maio decembro	Sen topes	8 cm
RODABALLO	Todo o ano	Sen topes	30 cm
LINGUADO	Todo o ano	Sen topes	24 cm
ACEDIA	Todo o ano	Sen topes	20 cm
SOLLA	Todo o ano	Sen topes	25 cm
SOLLO	Todo o ano	Sen topes	30 cm
ROBALIZA	Todo o ano	Sen topes	36 cm
MARAGOTA	Todo o ano	Sen topes	22 cm
SARGO	Todo o ano	Sen topes	22 cm
ESCARAPOTE	Todo o ano	Sen topes	18 cm
CABRACHO	Todo o ano	Sen topes	18 cm
RAIA	Todo o ano	Sen topes	40 cm
PATEXO	Todo o ano	Sen topes	3.5 cm
CONGRIO	Todo o ano	Sen topes	100 cm

**TÁBOA 2: RESUMO DAS MEDIDAS DE XESTIÓN PARA OS RECURSOS MARISQUEIROS NA REMIP “RÍA DE CEDEIRA”**

RECURSOS	MODALIDADE	EMBARCACIÓNS	MARISCADORAS/ HABILITACIÓNS	Nº DIAS EXTRACCIÓN	TOPE DIARIO/ PERSOA	TALLA MÍNIMA
PERCEBE	Embarcación	42	104	165	10 kg	15 mm
OURIZO	Embarcación	3	7	60	100 kg	55 mm
BERBERECHO	A pé	---	31	89	20 kg (zonas libres) 15 kg (autorizacións)	28 mm
COQUINA	A pé	---	31	128	5 kg 6-7 kg (según mercado)	35 mm
AMEIXA FINA	A pé	---	31	60	4 kg	40 mm
BÍGARO	A pé	---	31	60	15 kg	15 mm

**TÁBOA 3 : CALENDARIO DE USO DAS ARTES DE PESCA PERMITIDAS**

ARTE	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XULL	AGOS	SET	OUT	NOV	DEC
NASA NECORA	*											
NASA CAMARON	*											
NASA POLBO					**	**						
PALANGRILLO												
LIÑA OU CORDEL												
TRASMALLOS												

\* permitida a captura de nécora do 2 ao 5 de xaneiro e a de camarón do 1 ao 6 de xaneiro

\*\* dependendo dos meses de veda que se determinen para o ano 2011

 Período de pesca permitido

**TÁBOA 4 : CALENDARIO DE MARISQUEO**

RECURSO	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XULL	AGOS	SET	OUT	NOV	DEC
PERCEBE												
OURIZO												
BERBERECHO												
COQUINA				*					*			
AMEIXA FINA												
BIGARO												

\* A extracción nestes meses está condicionada polo estado gonadal dos bivalvos

 Período permitido de extracción

## 2.6 Regulación da flota: o censo de titulares habilitados para o exercicio da actividade no ámbito da REMIP

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”, establece no seu artigo 8 que para levar a cabo todas e cada unha das diferentes actividades pesqueiras e marisqueiras que se practican no ámbito da REMIP, os titulares dos diferentes permisos que habilitan para tal fin, teñen que estar inscritos nun censo específico.

Será a consellería competente en materia de pesca a que elaborará dito censo, que será aprobado por resolución da dirección xeral competente en materia de recursos mariños, logo da solicitude da persoa interesada e informe do órgano de xestión, seguimento e control.

Coa resolución do 22 de setembro de 2010, a Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, a proposta do órgano de xestión, seguimento e control, abriuse o prazo de solicitude para a inclusión no censo.

O censo provisional foi remitido para a súa publicación no DOG, mediante a Resolución do 13 de decembro de 2010 en cuxo anexo I recóllese a relación de embarcacións e mariscadoras incluídas.

Este censo provisional está composto por:

31 titulares de permiso de marisqueo a pé, para o acceso ás zonas de libre marisqueo das praias da Magdalena e Loira, e ás autorizacións das Enseadas de Esteiro e Pantín.

22 embarcacións con arqueo igual ou inferior a 1,5 GT, con porto base en Cedeira, que acceden á reserva mariña segundo as modalidades permitidas.

26 embarcacións con arqueo superior a 1,5 GT, 25 delas con porto base en Cedeira e unha con porto base en Cariño, que poden acceder á reserva mariña por ter o percebe recoñecido no seu permiso de explotación, ou ben por contar con artes de anzol, o cal permítelles a captura de patexo dentro do ámbito da reserva.

No anexo I do presente documento achégase a información relativa ás modalidades de pesca coas que están autorizadas a faenar dentro da Remip para cada embarcación incluída no censo.

Este censo actualízase seguindo o procedemento descrito nos puntos 1 e 2 do artigo 3 da Orde do 18 de agosto de 2010, pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”; e terase en conta como criterio de selección, ademáis da pertenza a portos base máis próximos ao ámbito xeográfico da reserva

mariña, no caso de embarcacións, a habitualidade e as capturas realizadas no ámbito da mesma dos titulares que xa estivesen incluídos, de conformidade co disposto no artigo 9 do decreto 28/2009, do 29 de xaneiro.

Son causas de exclusión do censo:

1. como resultado da actualización do mesmo;
2. o incumprimento da normativa de uso e xestión da reserva;
3. a negativa á realización do control da súa actividade polo servizo de gardacostas ou polo persoal de seguimento e control adscrito á reserva.

## 3.. O SEGUIMENTO, CONTROL E VIXILANCIA

---

### 3.1. O seguimento científico

O seguimento científico é fundamental para avaliar o estado dos recursos e dos medios físicos e biolóxicos que o sustentan, así como a incidencia e interaccións con eles das actividades que se realizan no obxecto de estudo. Deste xeito, podemos dicir que o seguimento científico é unha parte fundamental da caracterización dunha Reserva Mariña de Interese Pesqueiro (Remip) en todas as súas fases: deseño, creación e conservación ou mantemento. Deste modo, pódense reorientar as actividades e mellorar as propostas de actuación.

Inicialmente, contouse cun equipo técnico, formado por dúas persoas da empresa Fismare S.L., empresa spin-off do grupo de Recursos Mariños da UDC, que traballan en colaboración coa coordinación da Remip “Ría de Cedeira”.

Para a monitorización das comunidades biolóxicas o equipo técnico incorporaba catro mergulladores para as tarefas de censo e recollida de fauna e flora.

As funcións levadas a cabo por este equipo técnico podemos englobalas nos seguintes epígrafes:

#### A ) Monitorización pesqueira

1. Rexistro da actividade das embarcacións que operan dentro da reserva, recollendo diariamente unha serie de datos sobre a actividade pesqueira de cada embarcación que faena dentro da reserva. Os datos recollidos foron :

- Embarcación: nome , características técnicas, nº de tripulantes.

- Artes: arte empregada, nº de lances, nº de panos ou nasas por lance, lonxitude dos panos do lance.
- Capturas: especies, peso, talla, sexo ....
- Posición dos lances dentro da reserva mariña mediante marcación nunha carta náutica.

## 2. Observacións a bordo durante as xornadas de pesca.

Mensualmente se realizaban embarques cos pescadores que faenan dentro da reserva nos que, ademais do rexistro dos datos habituais, se recollen datos sobre os descartes, indicando cáles son as especies descartadas, a súa talla, peso, sexo e a causa dos mesmos (especies non comerciais, en veda, talla non comercial ... )

## 3. Distribución do esforzo e as capturas por unidade de esforzo (CPUE) das principais especies obxectivo da reserva.

Semanalmente as embarcacións que operan dentro da reserva levaban consigo uns sistemas de posicionamento global (GPS) que rexistran as rutas de pesca durante a súa actividade diaria. Con estas rutas de pesca estimábanse as diferentes zonas explotadas dentro da reserva, o tempo empregado en cada zona, etc .

## 4. Estudio da estrutura de tallas das principais especies obxectivo da reserva.

Semanalmente, na lonxa de Cedeira, medíanse e pesábanse todos os individuos comerciais das especies capturadas polas embarcacións que faenan dentro da reserva.

## B ) Monitorización marisqueira

### 1. Evaluación dos bancos marisqueiros antes e despois de cada campaña de extracción.

Ao comezo e ao termino das campañas de extracción dos diferentes recursos explotados dos bancos marisqueiros da reserva, o equipo técnico realizaba unha mostraxe de avaliación da situación dos bancos. Mediante calicatas distribuídas ao longo do banco recollíanse exemplares das diferentes especies existentes que eran medidos e pesados individualmente.

### 2. Estudio da estrutura de tallas das especies presentes nos bancos marisqueiros: Quincenalmente realizábanse medidas de talla dos individuos comerciais recollidos polas mariscadoras para a súa comercialización.

### 3. Seguimento mediante sistemas de posicionamento global (GPS) da actividade marisqueira, repartindo semanalmente gps ás mariscadoras para rexistrar a súa actividade, recollendo datos das diferentes zonas explotadas dentro do banco e o tempo invertido na extracción do recurso.

### C ) Monitorización de comunidades biolóxicas

En cada unha das zonas con diferente grado de protección e composición de sustrato presentes na reserva mariña, se caracterizaron as diversas comunidades biolóxicas existentes :

A - substrato e microalgas: semestralmente levábase a cabo a caracterización dos hábitats mediante transectos dos que se elaboran inventarios cas diferentes cinturas vexetais e tipos de substrato existente.

B - megafauna móvil e sedentaria: trimestralmente determinábase a abundancia da megafauna móvil e sedentaria mediante censos visuais realizados por mergulladores do equipo técnico.

C - macrofauna: semestralmente levábase a cabo a recolección de mostras de macrofauna, empregándose unha aspiradora submariña operada por mergulladores do equipo técnico. As mostras recollidas eran identificadas posteriormente no laboratorio.

Con toda a información obtida deste xeito, fóronse elaborando unha serie de bases de datos que se analizaban periodicamente co fin de valorar o estado dos recursos explotados polos pescadores, dos stocks de bivalvos antes e despois das campañas de extracción dos bancos marisqueiros, a aparición de cambios na estrutura de tallas das diferentes especies, o cambio no esforzo pesqueiro / marisqueiro sobre unha ou outra zona da reserva e, incluso, o aumento da biomasa ou da talla dos individuos polo “efecto reserva”.

E por tanto moi importante ter unha continuidade no seguimento científico da zona protexida e, unha vez finalizada a fase inicial (máis exhaustiva), comezar a seguir realizando unha serie de medicións ou análises sobre todo no que a monitorización pesqueira e marisqueira se refire, seguindo os protocolos de actuación que a continuación se describen :

#### A ) Monitorización pesqueira

A.1- Rexistro da actividade das embarcacións que operan dentro da reserva: diariamente se recollen unha serie de datos sobre a actividade pesqueira de cada embarcación que faena dentro da reserva:

- Datos da embarcación: nome, características técnicas, nº de tripulantes.
- Datos da actividade: arte empregada, nº de lances, nº de panos ou nasas por lance, lonxitude dos panos do lance.

- Datos de capturas: especies, peso, talla, sexo.
- Posición dos lances dentro da reserva mediante marcación nunha carta náutica.

#### A.2- Estudio da estrutura de talla das principais especies obxectivo da reserva:

Dúas veces por semana, na lonxa de Cedeira, mídense e pésanse todos os individuos comerciais das especies capturadas polas embarcacións que faenan dentro da reserva.

#### B ) Monitorización marisqueira:

- Evaluación dos bancos marisqueiros antes e despois de cada campaña de extracción: ao comezo e ao remate das campañas de extracción dos diferentes recursos explotados dos bancos marisqueiros da reserva, o equipo técnico realiza unha mostraxe de avaliación da situación dos bancos. Dependendo do areal do que se trate, ben mediante transectos ou ben con calicatas distribuídas ao longo do banco, recóllense exemplares das diferentes especies que son medidos e pesados.
- Estudio da estrutura de tallas das especies presentes nos bancos marisqueiros: mensualmente se realizan medidas de talla dos individuos comerciais recollidos polas mariscadoras para a súa comercialización .

Os datos obtidos trataráanse de igual xeito que na fase previa para chegar á consecución dos mesmos fins.

Semestralmente se elaboran informes técnicos cos resultados obtidos da análise da información recopilada previamente, incluíndo neles suxerencias sobre melloras e recomendacións para un bó funcionamento da reserva mariña. Cada informe leva os seguintes epígrafes :

#### A ) Monitorización pesqueira :

- Evolución das capturas da frota que opera dentro da reserva
- Análisis das principais especies explotadas na reserva
- Análisis da estrutura de tallas das especies
- Distribución espacial do esforzo pesqueiro dentro da reserva
- Distribución espacial da CPUE das especies explotadas

#### B ) Monitorización marisqueira :

- Evolución dos recursos extraídos dos bancos marisqueiros
- Análisis da estrutura de tallas das especies
- Evaluación dos bancos marisqueiros entre campañas de extracción
- Distribución do esforzo dentro dos bancos marisqueiros da reserva

No caso do seguimento previo, tamén se elaboraron informes de comunidades biolóxicas cos seguintes contidos :

- Cartografía dos sustratos presentes na reserva
- Determinación das principais especies presentes en cada tipo de sustrato
- Análise dos cambios estacionais nas comunidades biolóxicas
- Análise dos cambios espaciais nas comunidades biolóxicas

Os informes son remitidos ao órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña para axudar a avaliar o estado das diferentes pesqueiras da reserva e o propio “efecto reserva“ ca presenza de tamaños maiores dos individuos ou o aumento da biomasa de stocks explotados.

O seguimento dun protocolo de actuación adecuado permitirá a avaliación continua de todos os parámetros que interveñen na xestión sostible da reserva mariña “Ria de Cedeira“

## 3.2. As medidas de control na reserva

### 3.2.1.O CONTROL DAS ENTRADAS E SAÍDAS

Aínda que a maioría das actividades profesionais permitidas na reserva realízanse, para unha mesma xornada de traballo, dentro dos seus límites, existen algunhas como a recollida de percebe e ourizo, ao igual que a pesca recreativa, que poden alternar a extracción de recursos en zonas dentro e fóra dos límites da reserva nunha mesma xornada.

Por esta razón, e para ter constancia do esforzo pesqueiro real que se está a exercer dentro da reserva, establécese un protocolo de control de entrada e saída da reserva para estas embarcacións.

Para facilitar as labores do seguimento científico e o control da actividade pesqueira, os armadores das embarcacións inscritas no censo deberán permitir a instalación a bordo de dispositivos electrónicos de seguimento. Mentres non se instalen ditos dispositivos, as embarcacións, calquera que sexa o seu porto base, que se dispoñan a entrar ou saír do ámbito da reserva mariña, teñen que comunicar (por VHF ou por teléfono) co servizo de vixilancia ou coa coordinación da reserva e facilitarlles os seguintes datos:

- Nome da embarcación

- Hora de entrada ou saída
- De ser o caso, capturas efectuadas ata ese momento
- De ser o caso, número de artes que deixan caladas e posición das mesmas

### **3.2.2.O CONTROL DAS DESCARGAS**

O elemento clave do seguimento dos desembarques é a existencia dun punto de control para a recompilación dos datos reais sobre o estado dos diferentes recursos, ao tempo que se verifica o cumprimento das medidas de xestión vixentes na reserva, tanto as establecidas polo Oxesco como, na súa ausencia, as marcadas polas normas xerais: control de tallas, pesos, topes establecidos, descartes, exemplares ovados, etc.

O punto de control tamén é fundamental para o traballo do persoal asignado ao seguimento científico á hora de obter datos da actividade pesqueira dentro da reserva (número de caceas e lances, zonas de largado, tempo de permanencia no mar,...).

Toda a información, unha vez recompilada e analizada, servirá de base aos informes técnicos que se trasladarán ao Oxesco e ao sector pesqueiro que traballa na reserva, e permitirá coñecer e valorar a eficacia das medidas de ordenación e xestión, propoñer modificacións ou a aplicación de novas normas á hora de acadar unha maior sostibilidade da actividade extractiva e a recuperación dos recursos pesqueiros e marisqueiros.

NOTA: nos informes do seguimento científico non figurará información de xeito nominal , polo que non se incluírán nomes nin de embarcacións nin de mariscadoras.

### **3.2.3.O PROTOCOLO DO PUNTO DE CONTROL**

Como parte fundamental do funcionamento da Remip “Ría de Cedeira“, é obrigatorio que todas as capturas realizadas dentro dos seus límites sexan declaradas no momento da súa descarga, independentemente do lugar onde se vaia realizar a súa venda. Para isto, establécense tres puntos de control das descargas:

- 1 A Casa do Pescador de Cedeira: punto de control para o berberecho extraído da praia da Magdalena.
- 2 A caseta sita en “Vila Herminia” en Vilarrube: punto de control da coquina extraída na praia de Vilarrube.
- 3 A lonxa do peirao de Cedeira: punto de control para o resto de pesqueiras da reserva.

Nestes 3 puntos tanto o persoal encargado do control e vixilancia da reserva como as persoas encargadas do seguimento científico ou a coordinadora, comprobando os toques, as tallas, o peso, nº de exemplares, etc. cón fin de acadar un rexistro diario fiable da produtividade do espazo protexido.

Ademais do exposto anteriormente, todas as embarcacións do censo estarán sometidas a controis esporádicos e aleatorios no mar, tanto por parte do servizo de vixilancia da reserva como polo propio servizo de gardacostas de Galicia .

### 3.3. A vixilancia na reserva: dotación e funcións

O equipo de vixilancia da REMIP “Ría de Cedeira“ está formado por tres gardapescas e tres patróns, organizados en quendas diúrnas e nocturnas. Para levar a cabo o traballo contan cun vehículo todoterreo e unha embarcación.

O equipo de vixilancia da reserva ten encomendadas as seguintes funcións:

- A vixilancia e control rutineiros de todas as actividades que se realizan dentro da reserva, xa sexan profesionais como recreativas ou de lecer, con especial atención á reserva integral e ás zonas de protección especial.  
Na súa labor inclúese a verificación de documentación dos usuarios da reserva e a comprobación das capturas realizadas, a fin de prever e detectar posibles actividades ilícitas, levantando as correspondentes actas de advertencia ou infracción no caso de ser necesario .
- Verificar, no punto de control, as capturas das embarcacións profesionais e mariscadoras que traballan dentro da reserva.
- Controlar o furtivismo en todo o ámbito da reserva, establecendo un estrito orden de prioridades atendendo á necesidade dunha maior protección das zonas máis accesibles.
- Realizar controis aleatorios no mar ás diferentes embarcacións.
- Colaborar cá inspección pesqueira e os corpos e forzas de seguridade da Comunidade Autónoma e do Estado, en calidade de axentes auxiliares da autoridade, así como utilizar os dispositivos de alarma establecidos.
- Intervir, de acordo á lexislación vixente, nos casos de sinistros e accidentes en xeral no mar. E, de igual xeito, dar aviso da aparición de verteduras que poidan representar un risco para o medio mariño.

## 4.. OS ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS: MONITORIZACIÓN SOCIAL

---

A Confraría de Pescadores de Cedeira (A Coruña), iniciou un proceso de cambio e mellora do seu sector pesqueiro a nivel local.

Unha destas iniciativas consiste na creación da Reserva Mariña de Interese Pesqueiro (Remip) “Ría de Cedeira”. A Remip pretende ser unha ferramenta que axude a racionalizar as prácticas de explotación de certos recursos pesqueiros, introducindo melloras na súa xestión co obxectivo final da súa sostibilidade socioeconómica e ambiental.

A procura da sostibilidade e do equilibrio social é un dos factores que determina, en maior medida, o éxito ou o fracaso desta iniciativa. De este xeito, a monitorización social concíbese como a ferramenta metodolóxica esencial para o análise dos indicadores sociais dentro do escenario da Remip.

A avaliación social pretende identificar e detectar aqueles factores especialmente relevantes que poidan causar certas anomalías no proceso de deseño, creación e implementación da Remip. Ao mesmo tempo, intentan corrixir os posibles erros e solucionar os conflitos que se poidan dar ao longo de todo o proceso. De aí ca monitorización social cumpra funcións de pauta diagnóstica e formativa. Este protocolo de traballo tivo una avaliación semestral, para facilitar o seguimento socioeconómico da Remip.

Para elo, deseñouse un plan de acción centrado en metodoloxías participativas, que foron desenvolvidas a partires dun conxunto de técnicas en investigación social (entrevistas dirixidas, semi-dirixidas, enquisas e grupos de discusión).

As categorías de estudo recolléronse a través destas técnicas de tipo cualitativo e estruturáronse partindo dos seguintes obxectivos e indicadores:

### **Identificar aspectos relacionados coa actitude dos pescadores e mariscadoras:**

- › Valorar as primeiras impresións dos pescadores e das mariscadoras unha vez que se oficializa o decreto de aprobación da Remip;
- › Percibir o grao de respecto que teñen os pescadores dentro das reservas integrais;

- › Detectar o grao de respecto dos pescadores de cara ás reservas integrais, ao día seguinte á saída do decreto.
- › Recoller comentarios dos pescadores respecto ao futuro da reserva (preocupacións, medos, esperanzas, etc).

#### **Identificar as funcións da confraría e a súa interrelación cos axentes externos:**

- › Detectar o grao de comunicación interna e externa entre a confraría e os pescadores/mariscadoras;
- › Valorar as actividades levadas a cabo pola confraría e/ou a Administración para preparar aos pescadores de cara á posta en marcha da Remip;
- › Valorar o grao de transparencia na información dada polos representantes dos pescadores na Comisión de traballo e no Órgano de xestión aos demais sectores de produción.

#### **Identificar aspectos relacionados coas ferramentas e o modo de xestión:**

- › Describir o papel que poidan ter os pescadores de Cedeira no deseño, xestión e implementación dos seus recursos: roles de liderazgo e participación social;
- › Valoración dos pescadores doutras confrarías en relación ao funcionamento da Remip;
- › Relación entre pescadores e administración (co-xestión): a función, lexitimidade e representatividade do Órgano de xestión.

#### **Valorar cal é a imaxe social do pescador antes, durante e despois da implementación da Remip:**

- › Identificar se a comunidade local percibe a reserva como unha ferramenta útil e poderosa ao longo do tempo;
- › Detectar se a sociedade entende que existe un compromiso de boas prácticas por parte dos produtores de Cedeira;
- › Percepción social dos pescadores como responsables da xestión dos recursos pesqueiros.

#### **Valoracións comparativas entre diferentes pesqueiras dentro da Remip:**

- › Percepción do “efecto reserva” nas distintas áreas de pesca;
- › Estimacións de produción;
- › Análise dos rendementos e custes de produción;
- › Estudos de capacidade de carga e impacto socioeconómico das distintas artes e pesqueiras.

A expensas de valoracións máis analíticas, a Remip “Ría de Cedeira” acadou, á día de hoxe, sentar as bases sobre un modelo de xestión máis participado polos produtores

locais, tendo como fundamento a xestión compartida ou co-xestión entre pescadores e Administración.

Aínda que non se pode falar dun modelo sen fisuras, o certo é que as diferentes actitudes dos pescadores en termos de protección e incremento de tallas mínimas de especies, recuperación das poboacións sobre-explotadas, asimilación progresiva dun control externo e exhaustivo das súas capturas, consenso na delimitación de novas áreas de protección especial, participación nas comisións, asembleas internas, reunións sectoriais, convocatorias de órgano de xestión, etc., xunto á constatación da súa colaboración activa cos observadores e persoal científico de monitorización, confirma que o produtor está a iniciar un proceso de cambio sostible cara ao patrimonio pesqueiro, á responsabilidade e coidado dos recursos mariños que da esperanza ao sector.

## 5.. AS INVERSIÓNS E O FINANCIAMENTO

	2007	2008	2009	2010	TOTAL
SINALIZACION					
DIVULGACIÓN				6.103, 87	
CHARACTERIZACIÓN DA RESERVA	36.475	106.960	106.960	106.960	357.355
CONVENIO DE COORDINACIÓN			23.750	30.000	53.750
MANTEMENTO E VIXILANCIA					

## ANEXO I

Relación de embarcacións con arqueo igual ou inferior a 1,5 GT incluídas no censo provisional da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira, e artes de pesca artesanais autorizadas dentro da Remip

	Porto base	Embarcación	Matrícula	Artes permitidas dentro da Remip		
				ANZOL	ENMALLE	NASAS
1	Cedeira	ANEIROS	3ª FE - 4 - 2 - 02	Liña - cordel Palangrillo		Nasa polbo Nasa nécora e camarón
2	Cedeira	ANGEL	3ª FE - 4 - 1 - 96	Liña - cordel		
3	Cedeira	ANTONIO *	3ª FE - 3 - 1871	Palangrillo	Trasmallos	Nasa polbo
4	Cedeira	ANXO MARIA	3ª FE - 4 - 16 - 01	Liña - cordel Palangrillo		Nasa nécora e camarón
5	Cedeira	BUEN VIAJE	3ª CO - 4 - 1287	Palangrillo		Nasa polbo Nasa nécora e camarón
6	Cedeira	CAJALLO	3ª FE - 4 - 1 - 01	Liña - cordel Palangrillo		Nasa polbo
7	Cedeira	CANDIDA A.V.	3ª FE - 4 - 3 - 03	Liña - cordel	Trasmallos	Nasa nécora e camarón
8	Cedeira	CARMEN	3ª FE - 3 - 1953			Nasa nécora e camarón
9	Cedeira	GACHEIRA	3ª VILL - 1 - 3088	Liña - cordel Palangrillo		Nasa nécora e camarón
10	Cedeira	GAVILÁN	3ª FE - 3 - 1632	Liña - cordel Palangrillo		Nasa polbo Nasa nécora e camarón
11	Cedeira	ILLA GABEIRA	3ª FE - 4 - 14 - 01	Palangrillo		Nasa polbo Nasa nécora e camarón
12	Cedeira	IRENE	3ª CO - 2 - 3397	Liña - cordel Palangrillo		Nasa polbo Nasa nécora e camarón
13	Cedeira	JESUSA	3ª FE - 3 - 1624	Liña - cordel		Nasa nécora e camarón
14	Cedeira	LORENA LUCIA	3ª FE - 4 - 3 - 98	Liña - cordel Palangrillo		Nasa polbo
15	Cedeira	LUCITA	3ª FE - 3 - 1542	Liña - cordel Palangrillo	Trasmallos	Nasa polbo
16	Cedeira	MARICHELO (1889)	3ª FE - 3 - 1889			Nasa nécora e camarón
18	Cedeira	PALOMA	3ª VILL - 3 - 3 - 99	Palangrillo		Nasa nécora e camarón
19	Cedeira	PERELLO	3ª FE - 4 - 13 - 01	Liña - cordel Palangrillo		Nasa polbo
20	Cedeira	PLUS ULTRA	3ª VILL - 2 - 2838	Liña - cordel Palangrillo		Nasa nécora e camarón
21	Cedeira	SEGAÑO UNO	3ª FE - 4 - 1 - 02	Liña - cordel Palangrillo		Nasa nécora e camarón

ANEXO II

Relación de embarcacións incluídas no censo provisional da Remip  
“Ría de Cedeira”, habilitadas legalmente para a captura de percebe

	Porto base	Embarcación	Matrícula	Habilitacións
1	Cedeira	ALEMÁN	3ª FE - 4 - 3040	4
2	Cedeira	ANEIROS	3ª FE - 4 - 2 - 02	2
3	Cedeira	ANGEL	3ª FE - 4 - 1 - 96	2
4	Cedeira	ANTONIO	3ª FE - 3 - 1871	2
5	Cedeira	ANXO MARIA	3ª FE - 4 - 16 - 01	2
6	Cedeira	BUEN VIAJE	3ª CO - 4 - 1287	3
7	Cedeira	CAJALLO	3ª FE - 4 - 1 - 01	2
8	Cedeira	CANDIDA A.V.	3ª FE - 4 - 3 - 03	3
9	Cedeira	CARMEN	3ª FE - 3 - 1953	2
10	Cedeira	CHIRLATEIRA	3ª FE - 3 - 2 - 94	4
11	Cedeira	ELENA	3ª VI - 8 - 430	2
12	Cedeira	FALCOEIRA	3ª FE - 4 - 10 - 05	3
13	Cedeira	FOLELLO	3ª FE - 4 - 20 - 05	3
14	Cedeira	GACHEIRA	3ª VILL - 1 - 3088	1
15	Cedeira	GAVILÁN	3ª FE - 3 - 1632	3
16	Cedeira	GIL BALTAR	3ª FE - 4 - 3 - 91	2
17	Cedeira	ILLA GABEIRA	3ª FE - 4 - 14 - 01	2
18	Cedeira	IRENE	3ª CO - 2 - 3397	3
19	Cedeira	JESUSA	3ª FE - 3 - 1624	2
20	Cedeira	LEISÓN	3ª FE - 4 - 2 - 03	3
21	Cedeira	LORENA LUCIA	3ª FE - 4 - 3 - 98	2
22	Cedeira	LUCITA	3ª FE - 3 - 1542	3
23	Cedeira	MARICHELO (1889)	3ª FE - 3 - 1889	1
24	Cedeira	MARICHELO (1943)	3ª FE - 3 - 1943	2
25	Cedeira	MASCATO UN	3ª FE - 4 - 9 - 05	3
26	Cedeira	NUEVA CEDEIRA	3ª FE - 3 - 3 - 91	2
27	Cedeira	NUEVO CRISTINA	3ª FE - 4 - 5 - 00	1
28	Cedeira	NUEVO JUANA	3ª FE - 4 - 1 - 00	3
29	Cedeira	NUEVO MARY DOS	3ª VI - 4 - 3 - 97	3
30	Cedeira	NUEVO NOY	3ª FE - 4 - 6 - 00	3
31	Cedeira	O JOSE RAMÓN	3ª FE - 4 - 21 - 05	3
32	Cedeira	O RINCHADOR	3ª VILL - 1 - 9 - 98	2
33	Cedeira	O TERROR DOS MARES	3ª CO - 4 - 1821	3
34	Cedeira	OSCAR	3ª FE - 3 - 1893	3
35	Cedeira	PALOMA	3ª VILL - 3 - 3 - 99	2
36	Cedeira	PEDRA DO PEIXE	3ª FE - 4 - 1 - 07	3
37	Cedeira	PERELLO	3ª FE - 4 - 13 - 01	3
38	Cedeira	PLAYA DE SACIDO	3ª FE - 2 - 2918	3

39	Cedeira	PLAYA DE SONREIRA	3ª FE - 4 - 2 - 07	2
40	Cedeira	PLUS ULTRA	3ª VILL - 2 - 2838	3
41	Cedeira	SEGAÑO UNO	3ª FE - 4 - 1 - 02	2
42	Cedeira	SEGUNDA BELÉN	3ª FE - 4 - 1 - 02	2

## ANEXO III

Relación de embarcacións incluídas no censo provisional da Remip “Ría de Cedeira”, habilitadas legalmente para a captura de patexo

	Porto base	Embarcación	Matrícula	Arte de anzol
1	Cedeira	ALEMÁN	3ª FE - 4 - 3040	Palangrillo
2	Cedeira	ALEXANDRE	3ª FE - 4 - 19 - 05	Liña - cordel, palangrillo
3	Cedeira	CHIRLATEIRA	3ª FE - 3 - 2 - 94	Palangrillo
4	Cedeira	ENRIC MANUEL	3ª TA - 2 - 1345	Palangre de fondo
5	Cedeira	FALCOEIRA	3ª FE - 4 - 10 - 05	Liña - cordel, palangrillo
6	Cedeira	FOLELLO	3ª FE - 4 - 20 - 05	Palangrillo
7	Cedeira	GIL BALTAR	3ª FE - 4 - 3 - 91	Palangrillo
8	Cedeira	LEISÓN	3ª FE - 4 - 2 - 03	Liña - cordel, palangrillo
9	Cedeira	LUCERO UNO	3ª FE - 4 - 3 - 04	Palangrillo
10	Cedeira	MADIMAR	3ª VI - 3 - 1 - 96	Palangrillo
11	Cedeira	MASCATO UN	3ª FE - 4 - 9 - 05	Palangrillo
12	Cariño	NOVO TOMÁS LUIS	3ª FE - 4 - 14 - 05	Liña - cordel, palangrillo
13	Cedeira	NUEVA CEDEIRA	3ª FE - 3 - 3 - 91	Palangrillo
14	Cedeira	NUEVO CRISTINA	3ª FE - 4 - 5 - 00	Palangrillo
15	Cedeira	NUEVO FLECHERO	3ª ST - 2 - 1 - 97	Palangre de fondo
16	Cedeira	NUEVO JUANA	3ª FE - 4 - 1 - 00	Palangrillo
17	Cedeira	NUEVO NOY	3ª FE - 4 - 6 - 00	Palangrillo
18	Cedeira	O JOSE RAMÓN	3ª FE - 4 - 21 - 05	Palangrillo
19	Cedeira	O RINCHADOR	3ª VILL - 1 - 9 - 98	Liña - cordel, palangrillo
20	Cedeira	O TERROR DOS MARES	3ª CO - 4 - 1821	Palangrillo
21	Cedeira	OSCAR	3ª FE - 3 - 1893	Palangrillo
22	Cedeira	PEDRA DO PEIXE	3ª FE - 4 - 1 - 07	Palangrillo
23	Cedeira	PLAYA DE SACIDO	3ª FE - 2 - 2918	Palangrillo
24	Cedeira	PLAYA DE SONREIRA	3ª FE - 4 - 2 - 07	Palangrillo
25	Cedeira	SEGUNDA BELÉN	3ª FE - 4 - 1 - 02	Palangrillo

## ANEXO IV

Relación de embarcacións incluídas no censo provisional da Remip “Ría de Cedeira”, habilitadas legalmente para a captura de ourizo

	Porto base	Embarcación	Matrícula	Cuotas
1	Cedeira	ANGEL	3ª FE - 4 - 1 - 96	2
2	Cedeira	ILLA GABEIRA	3ª FE - 4 - 14 - 01	3
3	Cedeira	LORENA LUCIA	3ª FE - 4 - 3 - 98	2

